



NOVA FERRAMENTA WEB DE METEOGALICIA: METEOVISOR

Esta nova aplicación, creada coa colaboración da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), recolle todos os datos das distintas estacións meteorolóxicas da Comunidade autónoma, e permite a localización xeoespacial das estacións e a busca das mesmas nos mapas dinámicos de Google. Ademais o visitante pode incorporar os límites das provincias e dos concellos galegos para localizar no mapa as estacións que pertencen a cada un deles.

O **MeteoVisor** nace co obxecto de substituír ao Xeollador e ofrecer información mais detallada aos usuarios, os que poderán visualizar dunha ollada o estado da atmosfera en tempo real.

As novidades que o diferencian da antiga ferramenta céntranse no seu contido e na maior interacción do usuario para elaborar unha información mais detallada e sinxela acorde aos seus intereses. Ademais dispón de moitas melloras que o fan máis atractivo visualmente e ofrece escoller e observar os datos de forma sinxela.

A información dispoñible aparece clasificada en unha estrutura en árbore que permite seleccionar ao usuario, de forma rápida, os datos que desexa ver no mapa. Esta ferramenta tamén inclúe gráficas dinámicas coas que se pode ver a evolución das variables máis significativas (temperatura, chuvia acumulada, vento, radiación solar, etc) nas últimas 48 horas ou a evolución no último mes.

Outros datos informativos que se poden obter co MeteoVisor son:

- Datos da temperatura, humidade, etc: mostrase o seu valor numérico e unha escala de cores que lle permiten ao usuario captar cunha soa ollada a tendencia para toda Galicia.
- Información histórica mediante un calendario: permite seleccionar a información un día con so un click. Anteriormente, os datos actuais e históricos das estacións non estaban unificados, e o usuario tiña que ir a distintas páxinas en función da información que desexara consultar.
- Mapas interpolados: ofrecen ver o comportamento espacial das distintas variábeis.